

LETRAS GALEGAS

50 anos

2024

CPI Ramón Piñeiro
Láncara

Este ano 2024 a Real Academia Galega honrará a nosa poeta **Luisa Villalta**. En certa medida, honrará tamén a xeración de autores e autoras que comienzan a expresarse na década dos 90 do pasado século en nos primeiros anos do século actual: unha xeración nova, ilusionada, entusiasta e aberta ao mundo. **Luisa Villalta** nace na Coruña o 15 de xullo de 1957, cidade na que residirá a maior parte da súa vida e será materia principal da súa obra. É a filla maior dunha familia de clase media. O pai, profesor mercantil, e a nai, formada en comercio, imprimirán nas dúas fillas a afección pola música. Estuda no colexio das Xosefinas e remata o curso de acceso á universidade no Instituto Eusebio da Guarda en 1973-74. Licénciase en Filoloxía Hispánica e en Galego-Portugués pola Universidade de Santiago de Compostela en 1982. En 1988 aproba as oposiciones de agregados de Bacharelato, e despois de impartir clase en varios centros exercerá en 1991 como profesora de Lingua e Literatura Galega con destino definitivo en Sada, no instituto Isaac Díaz Pardo.



Dende o CPI RAMÓN PIÑEIRO queremos sumarnos ás celebracións do día das Letras Galegas e á homenaxe a Luisa Villalta co seguinte programa de actividades:

LUNS 13 de Maio

- **ANXO MOURE: "ZAPATINOS DE CARTÓN E A CARTA DOS BOSQUES".** Anxo Moure leva máis de 30 anos contando historias solidarias coa terra e coas persoas que a habitan, sendo un dos referentes da narración oral en Galicia. Actuará no noso centro para todo o alumnado cos seguintes horarios:
 - EDUCACIÓN INFANTIL E 1º, 2º PRIMARIA: de 10:25 a 11:00 h. (Corredor de infantil)
 - EDUCACIÓN SECUNDARIA: de 11:15 a 12:00 (Corredor de 1º 2º ESO)
 - 3º, 4º, 5º e 6º de PRIMARIA: de 13:15 a 14:00 h. (Corredor de Primaria 1º planta)
- **VISITA GUIADA PARA O ALUMNADO Á EXPOSICIÓN "UN PASEO POLO TEMPO":** Actividade para 1º e 2º de ESO; de 15:40 a 16:30 horas (Salón de actos).

MARTES 14 de Maio

- **HOMENAXE A D. JAIME.** Descubrimento dunha placa en homenaxe ao antigo director do centro D. Jaime Lago. Participarán familiares, profesores e exprofesores do centro. 16:00 horas (Biblioteca).
- **MESA REDONDA EXPROFESORES.** Coa participación de exprofesores do centro e profesores en activo, así coma pais e nais que o desexen. 16:30 horas (Salón de actos).

MÉRCOLES 15 de Maio

- **MARIA VICTORIA DE PAZ "MARIVÍ".** Mestra neste centro ata fai poucos anos, Mariví virá a contar os seus contos para os alumnos 1º e 2º de Primaria. Biblioteca 10:45 a 11:20 horas.
- **VISITA GUIADA PARA O ALUMNADO Á EXPOSICIÓN "UN PASEO POLO TEMPO":**
 - PRIMARIA: 3º e 4º de 10:45 a 11:20 horas / 5º e 6º de 13:45 a 14:20 horas.
 - SECUNDARIA: 3º e 4º ESO de 14:10 a 15:00 horas.

XOVES 16 de Maio

- **FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS ESPECIAL 50 ANIVERSARIO: "A MÁQUINA DO TEMPO".** Este ano meterémonos nunha máquina do tempo que nos levará a outras épocas da xa longa historia do CPI Ramón Piñeiro. Ximnasio do centro 12:30-14:10 horas.

Comida convxunta do alumnado e profesorado das diferentes etapas educativa (14:15 - 15:00 h.)

INVÍTASE A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA A ASISTIR AO TRADICIONAL FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS O VINDEIRO XOVES 16 DE MAIO NO XIMNASIO DO CENTRO ÁS 12:30 h.